



Concello de Pedrafita do Cebreiro

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO SUBMINISTRO "TRACTOR TRIPUNTAL CON CUCHILLA QUITANEVES" DESTINADO AO SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DA REDE VIARIA DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO.

1. Obxecto do contrato e cualificación

O obxecto do contrato é a realización da subministración de UN TRACTOR TRIPUNTAL CON CUCHILLA QUITANEVES, CPV 34100000

O tractor a subministrar cumprirá como mínimo as características recollidas no prego de prescricións técnicas.

Deberá ser venda de primeira man e se entregará con cantos requisitos sexan esixibles para o seu correcto funcionamento, así como os documentos de garantía, manuais de instrucións, dotación de ferramentas e manual de pezas de reposto. Ademais virá equipado coa normativa de seguridade vixente con declaración de conformidade C.E.

Entregarase nas dependencias municipais designadas ao efecto.

En caso de dúbida, os concursantes, no prazo de presentación de ofertas, poderán recibir dos servizos municipais correspondentes unha maior concreción do elemento a subministrar.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, tal e como establece o artigo 9 do Texto Refundido da lei de contratos do sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

A realización das prestacións obxecto do contrato é necesaria para realizar actuacións de protección do medio ambiente e do espazo natural, acceso as vías públicas,...

2. Orzamento base de licitación.

O orzamento máximo da contratación se fixa na cantidade de 71.148,00 €, IVE incluído. As ofertas deberán incluír directamente no prezo o Imposto do Valor Engadido (IVE), se ben deberá detallarse expresamente, na forma establecida pola lei 37/1992, do 28 de decembro, e Real Decreto 1624/1992, do 29 de decembro, figurando o IVE como partida independente (58.800 €, sen iva, 12.348 € de IVE, cun total de 71.148,00 €)

Financiamento do contrato.

Concello de Pedrafita do Cebreiro

Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 Lugo. Tfno. 982367103. Fax: 982367150



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Aportación Deputación Provincial de Lugo 65.937,60€

Aportación Concello.....5.210,40 €

3. Anualidades en que se distribúe.

O contrato desenvolverase nunha soa anualidade correspondente ao ano 2016.

4. Aplicación orzamentaria.

O gasto derivado desta contratación farase efectivo con cargo á aplicación 450.623 do vixente orzamento da Corporación.

5. Réxime xurídico do contrato e documentos que teñen carácter contractual.

O réxime xurídico do contrato está constituído por este prego de cláusulas administrativas particulares; o prego de prescricións técnicas así como polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Sector Público, e polo resto da normativa legal aplicable en materia de contratos; como contrato administrativo, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexeráse polas seguintes normas:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Sector Público,
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 30/2007.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público.

6. Prazo de entrega

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total para a realización do mesmo fixado en **un mes**, contado a partir do día seguinte ao da data de formalización do contrato.

7. Procedemento de adxudicación.

A contratación se levará a cabo mediante: **procedemento negociado sen publicidade**, por alcanzar un valor estimado inferior a 60.000 €, valor estimado que virá determinado polo importe total do contrato sen incluír o IVE.

No procedemento negociado, a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios de eles.

Concello de Pedrafita do Cebreiro

Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 Lugo. Tfno. 982367103. Fax: 982367150



Concello de Pedrafita do Cebreiro

No procedemento negociado será necesario solicitar ofertas, a lo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que sexa posible. A estes efectos, entenderase que están capacitadas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

No procedemento negociado sen publicidade a constitución da mesa de contratación, será potestativa.

8. Perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co perfil do contratante, ao que terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: www.concellodepedrafita.com

9. Gastos a aboar no caso de renuncia ou desestimento.

Outros gastos.

En caso de renuncia ou desestimento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos en que incorrera. Non obstante, esta indemnización non superará en ningún caso o límite de 100 €.

Os gastos de publicidade da licitación da contratación, os de formalización do contrato e cantos outros lle correspondan sobre estas materias corresponderán ao contratista segundo resulte da correspondente liquidación.

10. Clasificación esixible.

Como queira que o orzamento base de licitación non supera os 350.000 €, **non** se esixe clasificación.

11. Garantías esixibles.

- **Provisional:** Non se esixe.
- **Definitiva:** O licitador que resulte adxudicatario do contrato deberá presentar unha garantía do 5% do importe de adxudicación, sen incluír o IVE. Para a devolución da garantía definitiva, unha vez concluído o contrato, estarase ao disposto na normativa de contratación.

12. Presentación de ofertas. Obtención de información.

A documentación para tomar parte no procedemento negociado presentarse, dentro do prazo de **cinco días naturais (5)** a contar do día seguinte ao da recepción da invitación.

A documentación para as licitacións presentarse **nun sobre pechado**, identificado no seu exterior, con indicación da licitación á que concorren e asinado polo licitador ou a persoa que o represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa.

Concello de Pedrafita do Cebreiro

Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 Lugo. Tfno. 982367103. Fax: 982367150



Concello de Pedrafita do Cebreiro

No interior incluíranse 2 sobres e dentro de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

Modelo de sobre: título “Documentación do procedemento negociado sen publicidade para a contratación da subministración “tractor tripuntal con cuchilla quitaneves”, presentada por”

Os sobres deberán ser entregados no Rexistro do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en horario de 9:00 a 14:00 de luns a venres ou enviados por correo dentro do prazo e hora sinaladas. Unha vez presentada unha proposición non poderá ser retirada baixo ningún pretexto. Se o último día coincide con sábado, domingo ou festivo, o prazo rematará no primeiro día hábil seguinte.

Cando as ofertas se presenten por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día.

Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado na solicitude de oferta.

Transcorridos, non obstante, dez días seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

A obtención de información levarase a cabo a través da páxina web do Concello de Pedrafita do Cebreiro e nas oficinas municipais.

13. Forma en que deben presentarse as ofertas.

No interior do sobre titulado “**Documentación do procedemento negociado sen publicidade para a contratación da subministración “tractor tripuntal con cuña quitaneves presentada por -----”** incluíranse dous sobre numerados correlativamente:

- A) **O SOBRE NÚMERO 1. Subtitulado DOCUMENTACIÓN:** Conterá a seguinte documentación que deberá reunir os requisitos de autenticidade previstos nas Leis:

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica:

1.1. EMPRESARIO INDIVIDUAL: Fotocopia autenticada do DNI, Pasaporte ou documento que o substitúa.

1.2. PERSOAS XURÍDICAS: Copia compulsada de Escritura ou documento de constitución, Estatutos ou acto fundacional nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda segundo o

Concello de Pedrafita do Cebreiro

Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 Lugo. Tfno. 982367103. Fax: 982367150



Concello de Pedrafita do Cebreiro

tipo de persoa xurídica de que se trate. As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarios de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais lles sexan propios.

Copia compulsada do CIF.

1.3. EMPRESAS COMUNITARIAS OU EMPRESAS NON ESPAÑOLAS DE ESTADOS SIGNATARIOS DO ACORDO SOBRE O ESPAZO ECONÓMICO EUROPEO: A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea e dos Estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación de unha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

1.4. EMPRESAS NON COMUNITARIAS. Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa. No referido informe farase constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

2º) Documentos acreditativos da representación.

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedades ou persoas xurídicas, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante a Administración contratante, salvo que na Escritura de Constitución ou Estatutos figure expresamente nomeado administrador/es facultado/s para actuar na súa representación.

Fotocopia compulsada do DNI do representante.

3º) Documento de compromiso de constituír unha Unión Temporal de Empresas: Nos casos en que varios empresarios concorran en unión temporal aportarán ademais un documento, que poderá ser privado, no que, para o caso de resultar adxudicatarios, se comprometan a constituíla. Este documento deberá ir asinado polo representante de cada unha das empresas e nel se expresará a persoa

Concello de Pedrafita do Cebreiro

Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 Lugo. Tfno. 982367103. Fax: 982367150



Concello de Pedrafita do Cebreiro

a quen designen representante da UTE ante a Administración para todos os efectos relativos ao contrato, así como a participación que a cada un deles corresponda na UTE.

4º) Documentos acreditativos da clasificación(NON SE ESIXE)

5º) Documento constitutivo da garantía provisional ou resgardo acreditativo da súa constitución, cando se esixira (NON SE ESIXE)

6º) Declaración responsable outorgada ante autoridade administrativa, notario público u organismo profesional cualificado de que o empresario non está incurso en prohibicións para contratar. A declaración comprenderá expresamente a circunstancia de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Modelo de Declaración responsable de que a Empresa interesada non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 60 do TRLCSP:

"D.....

con DNI.....

e domicilio en

provincia de

rúa..... nº

En nome propio ou en representación da empresa

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de (Título:....)

Declara que nin el mesmo/ nin a empresa por el representada nin os seus administradores ou órganos de dirección, están incursos en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do TRLCSP.

Así mesmo declara que se acha ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

Autoridade administrativa/ notario público ante quen se outorga a presente declaración.

ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO."

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

7º) Acreditación da solvencia cando non proceda esixir a clasificación.

Os licitadores acreditarán a súa solvencia financeira e técnica e profesional mediante a presentación da documentación que se indica nos apartados seguintes.

7.1) Solvencia financeira:

- Informe de entidade financeira facendo constar que o licitador conta con capacidade financeira suficiente para facer fronte ao cumprimento das obrigas que se poidan derivar da execución do contrato.

7.2) Solvencia técnica e profesional:

A solvencia técnica e profesional poderá acreditarse por calquera dos medios previstos nas letras a), b), e) e f) do art. 77 TRLCSP.

8º) Documentación adicional esixida a todas as empresas estranxeiras. As empresas estranxeiras, comunitarias ou non comunitarias, nos casos en que o contrato vaia a executarse en España, deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante.

As empresas estranxeiras non comunitarias deberán presentar documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil.

9º) Domicilio. Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións, así como unha dirección de correo electrónico e un número de teléfono e fax.

10º) Empresas que teñan no seu cadro de persoal persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social. Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia regulada na disposición adicional 4º da TRLCSP, deberán aportar os documentos que acrediten que, ao tempo de presentar a súa proposición, teñen no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2% ou que a empresa licitadora está dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, xunto co compromiso formal de contratación a que se refire a disposición adicional 4º citada.



Concello de Pedrafita do Cebreiro

- B) **O SOBRE B Nº 2. Subtítulo OFERTA ECONÓMICA E REFERENCIAS TÉCNICAS** Conterá a oferta económica na que se expresará o prezo de execución do contrato debendo figurar como partida independente o importe do imposto sobre o valor engadido. A oferta económica presentarase conforme ao seguinte modelo:

"D/Dª ..., con DNI número..., no meu propio nome (ou en representación da empresa..., con CIF número ... e domiciliada en), coñecedor/a das condicións esixidas para optar á contratación relativa á subministración " título do mesmo" e tendo recibido invitación para participar na contratación por parte do Concello de Pedrafita do Cebreiro, envío solicitude de participación e oferta comprometéndome a levalo a cabo, con suxeición ao Prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas pola cantidade de ... euros, IVE excluído, sendo o importe do IVE ... euros (a cantidade se deberá expresar en letras e en cifras) e demais criterios para a valoración desta oferta contidos neste sobre.

Fago constar que coñezo e acepto plenamente todas as cláusulas do prego de cláusulas administrativas e todas as demais obrigas que se deriven dos restantes documentos contractuais.

Así mesmo, declaro responsablemente que as facultades de representación que porto son suficientes e vixentes; que reúno todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración previstas no TRLCSP.

(Lugar, data e sinatura do licitador)"

Neste mesmo sobre incluíranse os documentos relativos aos criterios de valoración, distintos do prezo, que deban avaliarse mediante a aplicación de unha fórmula, en relación ás cuestións que poden ser obxecto de negociación e os criterios de adxudicación contidos na cláusula 15 e que son:

- Prazo de garantía
- Melloras en subministros.

Incluírase unha memoria descritiva onde se especificarán as características técnicas, achegando catálogos, folletos, fotografías,... Para facilitar o traballo de avaliación das ofertas, os licitadores diferenciarán claramente e de forma inequívoca as características mínimas esixidas no prego de prescricións técnicas e as que realmente supoñen unha mellora da oferta.

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

14. Prazo de presentación das ofertas e demais requisitos das mesmas.

O órgano de contratación deberá invitar a lo menos a tres empresas con capacidade e solvencia para executar o contrato para que concorran á licitación. Estas deberán presentar as súas ofertas dentro do prazo de **5 días naturais a contar do seguinte ao da recepción da invitación polo empresario.**

As ofertas dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación supoñerá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas ou condicións, así como do proxecto, sen salvidade ou reserva algunha.

As ofertas serán secretas e se arbitrarán os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á súa apertura en público das mesmas.

Cada licitador non poderá presentar máis de unha oferta, sen prexuízo da admisibilidade de variantes ou melloras cando se permita a súa presentación.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis de unha unión temporal. A infracción de estas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

15. Cuestións que poden ser obxecto de negociación. Criterios para a adxudicación do contrato.

A negociación que deba celebrarse versará sobre os seguintes aspectos de carácter económico e técnico do contrato:

- Menor prezo.
- Melloras en subministros en relación directa co contrato, valorables economicamente, que se ofrezan fora deste prego.
- Maior prazo de garantía dos dous anos mínimo esixidos.

Unha vez fixadas definitivamente as ofertas dos licitadores, tras a negociación, a adxudicación do contrato efectuarase mediante a valoración dos seguintes criterios:

- 1. OFERTA ECONÓMICA..... 60 PUNTOS.**
- 2. MELLORAS 15 PUNTOS**
- 3. PRAZO DE GARANTÍA5 PUNTOS.**

A valoración das ofertas realizarase, de acordo co procedemento que a continuación se determina:

1.- Tódalas ofertas serán clasificadas por orde de mellor a peor respecto de cada un dos criterios.

2.- Obtido o orde de prelación de tódalas ofertas respecto dun criterio, asignarase á mellor oferta o máximo dos puntos correspondentes a dito criterio.

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

3.- Ás ofertas seguintes no orde de prelación de cada criterio se lles asignarán os puntos que proporcionalmente correspondan pola súa diferenza coa mellor oferta de acordo coa seguinte fórmula: $P=(pm*mo)/O$, ou ben, $P=(pm*O)/mo$, segundo se trate respectivamente de proporción inversa ou proporción directa coa mellor oferta (onde "P" é a puntuación, "pm" é a puntuación máxima, "mo" é a mellor oferta e "O" é o valor cuantitativo da oferta que se valora)

4.- Obtida a puntuación de tódalas ofertas respecto a cada un dos criterios, sumarase a puntuación total de cada unha delas, resultando seleccionada a que obteña maior puntuación.

A puntuación máxima total dos criterios de adxudicación é de 80 puntos.

16. Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados.

Cando se considere anormal ou desproporcionada unha oferta, tendo en conta o informe técnico emitido ao efecto, darase audiencia ao licitador e procederase segundo o previsto no TRLCSP. Así mesmo, caso de tratarse do adxudicatario, esixiranse as garantías especiais e complementarias previstas na normativa de contratación das Administracións Públicas.

Se o órgano de contratación estime que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, acordará a adxudicación a favor da seguinte oferta máis vantaxosa.

Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:

- a) Se o contrato debe adxudicarse tendo en conta un único criterio de valoración, cando se cumpra o disposto no artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei das Administracións Públicas.
- b) Cando a adxudicación deba facerse tendo en conta máis de un criterio de adxudicación, cando se cumpra o disposto no artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en atención ao prezo ofertado ou a valoración das unidades de obra ofertadas como melloras.

17. Confidencialidade.

Sen prexuízo das disposicións do TRLCSP relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse aos candidatos e aos licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto aos secretos técnicos e aos aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial de aquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dera

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante o prazo de cinco anos desde o coñecemento desta información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

18. Revisión de prezos.

Non existe revisión de prezos.

19. Apertura de documentación e das ofertas.

a) Para a cualificación dos documentos e o exame e valoración das ofertas designaranse ás persoas que compoñerán a Mesa de Contratación.

A Mesa de Contratación quedará constituída e integrada por:

A) **Presidente:** Alcalde Presidente do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

B) **Vogais:**

- María García Ferro, Secretaria Interventora do Concello de Pedrafita do Cebreiro.
- Susana García Vilelo, Técnico de Augas do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

C) **Secretaria:** D^a Trinidad Pérez Méndez, Axente de Desenvolvemento Local do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

A cualificación da documentación efectuarase pola Mesa de Contratación.

b) Se se observasen defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicarase verbalmente aos interesados, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou subsanen as deficiencias.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

c) Unha vez cualificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada declararanse admitidos á licitación aos licitadores que acreditaran o cumprimento dos requisitos previos facendo declaración expresa dos rechazados e das causas do seu rechazo.

d) Realizadas estas actuacións, abrírase a fase de negociación coas empresas e concluída esta procederase á adxudicación valorando as ofertas resultantes da negociación.

A Mesa, no curso das súas funcións poderá pedir os informes e asesoramentos que estime convenientes.

Concello de Pedrafita do Cebreiro

Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 Lugo. Tfno. 982367103. Fax: 982367150



Concello de Pedrafita do Cebreiro

O acto de apertura das proposicións será público e terá lugar o **primeiro día hábil seguinte** ao da terminación do prazo para a presentación de proposicións. Celebrarase ás 10:00 horas, na Casa Consistorial. Tal día, non obstante, podería ser demorado para o suposto de presentarse ofertas por correo, ou de requirirse aclaracións, complementos ou subsanacións da documentación presentada. Neste caso, do día de apertura de proposicións se dará aviso vía fax, teléfono ou correo electrónico aos licitadores, sen prexuízo de outras vías. Dado que se avalían exclusivamente criterios avaliábles matematicamente non suxeitos a un xuízo de valor o acto transcorrerá segundo o disposto no artigo 83 do RD 1098/2001. Dada conta do resultado da cualificación da documentación xeral, procederase á apertura sobre 2, con exclusión dos correspondentes ás proposicións rechazadas, que non poderán ser abertos, e darase lectura ás proposicións formuladas neles, con exclusión das memorias, proxectos ou explicacións das entidades que requiran de análise detallado, sen prexuízo da posibilidade do seu exame polos interesados. Aberto o sobre 2, a mesa finalizará o acto público de apertura de proposicións, pasando a deliberar sobre os criterios avaliábles segundo os pregos e podendo solicitar os informes ou asesoramentos que teña por convenientes. En todo caso, as proposicións afectadas por calquera das causas precisadas no artigo 84 do RD 1098/2001 serán rechazadas motivadamente. A Mesa de Contratación formulará proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor da oferta que resultara economicamente máis vantaxosa das presentadas e admitidas como resultado de aplicar os criterios de adxudicación establecidos neste prego de cláusulas administrativas particulares. A proposta de adxudicación non crea dereito para o empresario, en tanto non se proceda á adxudicación polo órgano de contratación.

20. Documentación previa á adxudicación.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de **dez días (10) hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a seguinte documentación xustificativa:

a) Alta e, no seu caso, último recibo do I.A.E., no epígrafe que corresponda ao obxecto do contrato. Este requisito se acreditará mediante orixinal ou copia autenticada dos referidos documentos. Os suxeitos pasivos que estean exentos deberán presentar declaración responsable indicando a causa da exención, ou no seu caso, resolución de recoñecemento da exención da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

As Unións Temporais de Empresas deberán acreditar, unha vez formalizada a súa constitución, a alta no imposto, sen prexuízo da tributación que corresponda ás empresas integrantes.



Concello de Pedrafita do Cebreiro

b) De estar ao corrente no cumprimento da súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e co Concello de Pedrafita do Cebreiro. Neste último caso poderá verificalo de oficio o cumprimento de dita obriga o propio Concello.

c) Certificación expedida polo órgano competente acreditativa, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

d) Documentación acreditativa da constitución da garantía definitiva do 5% do prezo ofertado, IVA excluído.

Se o requirimento non se cumprimenta adecuadamente no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a requirir a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orde que quedaran clasificadas as ofertas

21. Adjudicación do contrato e notificación ós licitadores.

O órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos **cinco días hábiles seguintes** á recepción da documentación. Nos procedementos negociados e de diálogo competitivo, a adjudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adjudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adjudicación, cando proceda. En particular expresará os seguintes extremos:

- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.
- b) Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adjudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitira a súa oferta.
- c) En todo caso, o nome do adjudicatario, as características e vantaxes da proposición do adjudicatario determinantes de que fora seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentaran os restantes licitadores cuxas ofertas foran admitidas.

Será de aplicación á motivación da adjudicación a excepción de confidencialidade.

En todo caso, na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse a súa formalización.

Concello de Pedrafita do Cebreiro

Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 Lugo. Tfno. 982367103. Fax: 982367150



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Se se presentasen dúas ou máis proposicións iguais, terán preferencia na adxudicación as proposicións presentadas por aquelas empresas que acrediten ter no seu cadro de persoal un número de traballadores minusválidos non inferior ao 2%. Noutro caso, decidírase a adxudicación entre estas mediante sorteo.

22. Formalización do contrato.

O adxudicatario queda obrigado a formalizar o contrato en documento administrativo que se axustará con exactitude ás condicións de licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento no que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato efectuarase dentro dos **quinze (15) días hábiles** seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación polos licitadores na forma prevista no TRLCSP.

Se no prazo, antes sinalado, non se formalizara o contrato por causas imputables ao adxudicatario, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe equivalente ó 3 por 100 do presuposto base de licitación.

Se as causas da non formalización fosen imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora puidera ocasionar.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a previa formalización, excepto nos casos previstos no TRLCSP.

No caso de que fose adxudicado a unha Unión Temporal de Empresas, esta terá que acreditar a súa constitución en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato, debendo aportar o NIF asignado á UTE. Igualmente, cando se esixa ao adxudicatario que concerte algún tipo de seguro, antes da formalización do contrato, deberá aportarse a póliza correspondente.

A formalización dos contratos publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación indicando, como mínimo, os mesmos datos mencionados no anuncio de adxudicación.

Cando a contía do contrato sexa igual ou superior a 100.000 euros, deberá publicarse un anuncio no que se de conta de dita formalización no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nun prazo non superior a corenta e oito días a contar dende a data da mesma.

O contratista virá obrigado a asinar no acto de formalización do contrato, en proba de conformidade cos mesmos, o Prego de Cláusulas Particulares.

23. Dereitos e obrigas do adxudicatario.

Concello de Pedrafita do Cebreiro

Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 Lugo. Tfno. 982367103. Fax: 982367150



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

- O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para iso.
- O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do RDL 3/2011 para os supostos de subcontratación
- A Administración ten a facultade de inspeccionar e de ser informada do proceso de fabricación ou elaboración do produto que teña que ser entregado como consecuencia do contrato e poderá ordenar ou realizar por sí mesma análises, ensaios e probas dos materiais que se vaian empregar, establecer sistemas de control de calidade e ditar todas as disposicións que considere oportunas para o estrito cumprimento do convindo.
- O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou danos causados nos bens antes da súa entrega á Administración, salvo que esta incorrese en mora ao recibilos.
Cando o acto formal da recepción dos bens, de acordo coas condicións do prego, sexa posterior á súa entrega, a Administración será responsable da custodia destes durante o tempo que medie entre unha e outra
- Gastos esixibles ao contratista. Son da conta do contratista os gastos e impostos da formalización do contrato, así como doutros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes, en forma e contía que estas sinalen

24. Réxime de pagos.

O Concello de Pedrafita do Cebreiro, previa recepción de conformidade dos bens, aboará o prezo do contrato dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación da factura expedida polo contratista. Para o caso de que a Administración se demorase no pagamento, deberá aboar ao contratista os xuros de mora e a indemnización polos custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro.

25. Penalidades.

Imporanse penalidades ao contratista cando incorra en algunha das causas previstas a continuación:

- a) Por cumprimento defectuoso. Cando ao tempo da recepción non se atopen en condicións de ser recibidas por causas imputables ao contratista, o órgano de contratación poderá imporlle unha pena do 2 por cento do importe de adxudicación do contrato. Porén, se o incumprimento se xulga de natureza grave ou moi grave polo órgano de contratación, a contía da pena ascenderá ata o 6 por cento daquel importe. En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente lle incumba en canto á reparación dos defectos.
- b) Por incumprir criterios de adxudicación. Cando polo órgano de contratación se comprobe, durante a execución do contrato ou ao tempo de recibir o

Concello de Pedrafita do Cebreiro

Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 Lugo. Tfno. 982367103. Fax: 982367150



Concello de Pedrafita do Cebreiro

subministro, que o contratista incumpriu as súas obrigas derivadas da oferta presentada, poderá imporlle unha pena do 3 por cento do importe de adxudicación.

- c) Por demora. Cando o contratista, por causas que lle foran imputables, incorrera en demora, estarase ao disposto no TRLCSP en canto á imposición destas penalidades.
- d) Por incumprimento das condicións de subcontratación: o órgano de contratación poderá impoñer penalidades nun importe do 3% do prezo do subcontrato. Para o caso de estimarse que o incumprimento é grave ou moi grave, as penalidades poderán alcanzar ata o 5% e o 10% do prezo do subcontrato. A estes efectos, a reiteración no incumprimento terase en conta para valorar a gravidade do mesmo.

26. Cesión e subcontratación.

O adxudicatario só poderá ceder validamente os dereitos e obrigas que nazan do contrato mediante a autorización expresa e por escrito da Corporación e conforme os requisitos sinalados no TRLCSP.

O adxudicatario só poderá subcontratar validamente a realización do contrato mediante a autorización expresa e escrita da Corporación e conforme os requisitos sinalados no TRLCSP.

27. Cumprimento do contrato.

O contrato executarase con suxeición ás cláusulas dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares, á oferta do contratista e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dea a Administración ao contratista.

O contratista será responsable da calidade dos bens que entrega así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros polas omisións, erros ou métodos inadecuados na execución do contrato

Os bens a subministrar deberán cumprir coas prescricións normativas vixentes no momento da entrega, sen custo ningún para o Concello

Os bens a subministrar polo contratista deberán ser dunha calidade axeitada para o fin a que se destina e, se os bens se atopasen en bo estado e con arranxo ás prescricións técnicas, o Concello daraos por recibidos, levantándose a correspondente acta, que deberá ser asinada polos concorrentes á recepción, comenzando entón o prazo de garantía.

Se os bens non se atopasen en bo estado de ser recibidos farase constar así na acta de recepción e daranse as instrucións precisas ao contratista para que se emende os

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

defectos observados ou proceda a unha nova subministración de conformidade co pactado.

A acta de recepción deberá subscribirse no prazo máximo de 1 mes a contar desde a entrega a satisfacción dos bens.

28. Resolución do contrato.

A resolución do contrato rexerase polo establecido con carácter xeral no TRLCSP e especificamente para o contrato de subministración.

29. Prazo de garantía.

O prazo de garantía será de dous anos contados dende a sinatura da acta de recepción. Se durante este tempo se acredita a existencia de vicios ou defectos na subministración, a Administración terá dereito a reclamar a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación destes se fose suficientes

Se a Administración considerase, durante o prazo de garantía, que os bens non son aptos para o fin pretendido como consecuencia dos vicios ou defectos observados e imputables ao empresario, e sempre que exista a presunción de que a reposición ou reparación dos devanditos bens non serán bastantes para lograr aquel fin, poderá, antes de expirar o devandito prazo, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista e quedando exento da obriga de pagamento ou tendo dereito, segundo o caso, á recuperación do prezo satisfeito.

Unha vez rematado o prazo de garantía sen que a Administración formalizase algún dos reparos ou a denuncia a que se refiren os apartados anteriores, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados.

30. Modificación do contrato.

Non procede.

31. Réxime xurídico do contrato e Xurisdición.

O presente contrato ten carácter administrativo e ambas partes quedan sometidas, expresamente para canto non estea previsto no presente prego, ao Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 917/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e ao resto de disposicións complementarias aplicables. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa. Contra tales acordos poderá interpoñerse recurso

Concello de Pedrafita do Cebreiro

Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 Lugo. Tfno. 982367103. Fax: 982367150



Concello de Pedrafita do Cebreiro

potestativo de reposición en vía administrativa conforme ao disposto na Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo conforme ao establecido na Lei 29/98 de 13 de xullo, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

O Alcalde.

Asdo.: José Luis Raposo Magdalena

DILIXENCIA: A estendo eu, D. María García Ferro, Secretaria Interventora do Concello de Pedrafita do Cebreiro para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05 de decembro de 2016

Pedrafita do Cebreiro, 5 de decembro de 2016.

Secretaria Interventora

Asdo.: María García Ferro.

Concello de Pedrafita do Cebreiro

Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 Lugo. Tfno. 982367103. Fax: 982367150